**EXERCICIOS**

**Texto:**

E… Pois nas casas… formábas'un baile nunha casa e coa misma prinsipiábase a toca-la pandereta e veña baile: a ghota, a muiñeira, o pasodoble, o valse… En fin, tódolos bailes qu'había: dansa, masurca… Non había estes bailes modernos de abrasarse tanto, de apretarse tanto. Eso non: separados un do outro. E'ntonses si, aquelo daba ghusto. Ademais as mulleres daquela iban coas saíñas hast'alá abaixo, case a rastro do chan. Pero despois, este…, a bailar, pois non nos freghábamos nada; estábamos separados, e, en fin… Non había bicos. Tampouco no baile. Os bicos era cando íbamos por eghemplo, íbamos así e'stábamos nun sitio tal; pero cando se lle daba un bico a unha muller xa era unha cousa moi seria. Dios nos libre deso. Daquela a cousa era un saghrado. Hoxe non. Hoxe xa s'abrasan os mosos e as mosas, andan abrasados xa por aí adiante, á vista da xente. Nós cando nos abrasábamos naqueles nosos tempos, hai sincuent'anos, daquela daba ghusto, que cando mirábamos prá nosa mosa ninghén lle podía chiscar, e… coidadiño, que… estábase mirando para ela, mirábase como para Dios.

**Gravación do ALGa.**

**Cuestións:**

1. Pon un título ao texto e fai un breve resumo do contido do mesmo.
2. Fai unha valoración e un xuízo crítico do contido do mesmo texto.
3. Caracteriza o texto polas súas propiedades.
4. Trata de identificar a variedade dialectal do texto. Xustifica a resposta.
5. Desenvolve un destes temas:

   5.1. O conflito lingüístico. Definición, causas e consecuencias.

   5.2. Lingua minorizada e lingua minoritaria. Definición. Semellanzas e diferenzas.

   5.3. Bilingüismo e diglosia. Definición, causas e consecuencias.

   5.4. A diversidade plurilingüe e pluricultural de España. Identificación das linguas, territorio que ocupan e marco legal no que se desenvolven.

6. Estrutura de *Os vellos non deben de namorarse*.